



Continuando coa oferta das actividades que os alumnos da USC poderán realizar para ser imputadas como "libre elección" na configuración do seu currículo está a posibilidade de imputar as "materias de nivelación" que se comenzaron a impartir no presente curso 2001/2002.

O recoñecemento desas materias deberá facerse de acordo co seguinte procedemento que se reflectirá nas Normas de Xestión Académica coa introducción dunha nova alínea:

89.2 Recoñecemento de materias de nivelación como créditos para a libre configuración curricular.- Serán recoñecidos como créditos de libre elección as "Materias de nivelación" que organicen os centros da USC e para as titulacións que se determinen.

Este recoñecemento realizarase a petición dos alumnos, para o que deberá entregar na correspondente Unidade de Xestión Académica a certificación, no modelo oficial, que lles foi entregada ós alumnos que cursaron estas materias. O recoñecemento só se fará efectivo, unha vez que o alumno teña superada algunha materia troncal ou obrigatoria e logo da liquidación de prezos públicos que para cada curso académico establece o Decreto da Xunta de Galicia, en función do número de créditos que recoñezan.

89.3 Número de créditos que se poden recoñecer.- Ós alumnos cualificados con Apto nestas materias poderá recoñecerse-lles 3 **créditos de libre elección** por cada unha das materias superadas. A COAP poderá modificar o número de créditos en función do programa de cada materia de nivelación.

89.4 Acreditación.- Serán os Secretarios dos Centros nos que se impartan as materias os que deban emitir-las Certificacións de recoñecemento, nas que deberá constar entre outros os seguintes datos: "Materia de nivelación: (nome da materia), créditos que se recoñecen, cualificación de Apto ou Non Apto, e titulacións ás que poden imputarse os créditos.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 23 de abril de 2002, **acordou aproba-lo presente "Recoñemento das materias de nivelación como créditos de libre configuración"**. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 29 de abril de 2002

Vº e Pr


O RECTOR

P.D. do 25 de abril de 2002

O Vicerrector de Investigación


José Ramón Leis Fidalgo

O SECRETARIO XERAL


Gumersindo Guinarte Cabada

XA0234